



CRISE DO ANTIGO RÉXIME, revolucións liberais e nacionalismos

Desenvólvense os contidos dos seguintes enunciados

- As ideas fundamentais da ilustración e a transformación do Antigo Réxime.
- A ilustración e a crítica do poder absoluto.
- As ideas ilustradas e a súa plasmación revolucionaria na independencia dos EEUU.
- A Revolución Francesa: transformacións revolucionarias e fin do Antigo Réxime.

AS IDEAS FUNDAMENTAIS DA ILUSTRACIÓN E A TRANSFORMACIÓN DO ANTIGO RÉXIME.

Comenza sinalando as **características básicas** do Antigo Réxime vistas (centrándonos no político).

É **importante** ter claro **que foi a ilustración**, cales foron as súas **aportacións** principais, e cales foron algúns dos **principais pensadores** ilustrados.

Os profundos cambios políticos que se produciron en América (Independencia dos EEUU) e en Europa (Revolución Francesa) dende finais do século XVIII, teñen a súas bases ideolóxicas nas ideas políticas e culturais da ilustración.

Que foi a ilustración?

Foi un movemento político, filosófico, literario e tamén científico que se desenvolveu en Europa e as súas colonias ao longo do século XVIII¹ "*das Luces*". Representou unha importante modernización cultural e o intento de transformar as caducas estruturas do Antigo Réxime.

A súa base social foi fundamentalmente a burguesía, aínda que tamén houbo nobres e clérigos.

Aportacións fundamentais da Ilustración

Plasmáronse na política, sociedade, cultura, economía², etc

1. **A Razón** como medio para conseguir a verdade e a felicidade. Tamén guía fronte á superstición, o fanatismo relixioso e a ignorancia. Neste aspecto foron básicas as aportacións do filósofo francés [Descartes](#), e do físico inglés [Newton](#)³.
2. **O progreso** necesario para acadar a felicidade. Permite o avance da humanidade a través da Ciencia e da técnica.
3. A **Natureza** como orixe da verdade. A sociedade pervirte e corrompe ao ser humano.

¹ Os seus precedentes podemos atopalos en Inglaterra e Holanda no século XVII,

² Concretouse en dúas novas correntes económicas: a fisiocracia e liberalismo, en conflito co pensamento predominante na época, o mercantilismo.

³ Aportacións de Newton: os seus experimentos e teorías baseábanse en observacións coidadosas e repetibles, e as súas teorías podían ser probadas e verificadas.

4. **A Felicidade** como un dereito e un fin en si mesma.

As ideas da Ilustración **difundíronse** a través de diferentes vías:

- Sociedades científicas e Academias. Ex. *As Sociedades Económicas de Amigos do País* en España a mediados do S. XVIII.
- Salóns (tertulias ou reunións).
- Enciclopedia de Diderot e d'Alembert (1751-1772) como un diccionario ilustrado que recollía todo o coñecemento da humanidade.

A ILUSTRACIÓN E A CRÍTICA DO PODER ABSOLUTO.

Breve contextualización da Ilustración no AR e das súas características. Céntrate nas ideas nas que se apoiaron as revolucións que marcaron o inicio da Idade Contemporánea: Independencia dos EEUU e a Revolución Francesa (están destacadas na explicación).



Pensamento político da ilustración (centrouse):

- Crítica do absolutismo monárquico.
- Establecer un novo modelo de soberanía.

Destacaremos a **Locke** (S. XVII en GB); e xa no S. XVIII os franceses: **Montesquieu, Rousseau e Voltaire**.

	John Locke (1632-1704) Filósofo inglés que estableceu as bases do liberalismo político e ideólogo da revolución de 1688. <u>Crítico coa monarquía absoluta:</u> • A orixe do poder político no Pacto Social. • Dereito de rebelión dos súbditos⁴. • División de poderes (políticos). • Igualdade ante a lei.
---	---

⁴ Súbito: persoa sometida á autoridade dun monarca, dun estado ou doutra autoridade superior.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Pontevedra	IES Sánchez Cantón Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra ies.sanchez.canton@edu.xunta.es Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050	  FONDO SOCIAL EUROPEO
 	Montesquieu (1689-1755) Difusor das ideas liberais de Locke en Europa, centrouse na defensa da división de poderes. Na súa obra "<i>O Espírito das Leis</i>", propón un Estado establecido sobre a división de 3 poderes: ● O Lexislativo, que elabora as leis e residiría no Parlamento. ● O Executivo, que as aplica nas mans do Goberno. ● O Xudicial, coida para que se cumpran as leis. As súas ideas son un dos fundamentos do Estado de Dereito⁵ na actualidade.	

Voltaire (1694-1778) Criticou a sociedade do seu tempo, e defensor da liberdade de pensamento, (incluída a relixiosa). Partidario dun sistema parlamentario que limitase o poder do monarca.	
--	--

⁵ O Estado de Dereito: modelo de organización dun país no cal todos os habitantes están suxeitos ás mesmas leis. Tamén, o referido á idea de que o poder político está limitado polo Dereito (que actúan dentro das leis).

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Pontevedra	IES Sánchez Cantón Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra ies.sanchez.canton@edu.xunta.es Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050	  FONDO SOCIAL EUROPEO
---	--	--



Rousseau (1712-1778)

Na súa obra "*O contrato social*", defendeu:

- A soberanía reside no pobo e dela emanan todos os dereitos individuais.
- Os homes asiman un “contrato” para salvar eses dereitos e establecer as súas obrigacións. Neste “pacto/contrato” o individuo renuncia aos seus dereitos naturais en favor da *vontade xeral*.

AS IDEAS ILUSTRADAS E A SÚA PLASMACIÓN REVOLUCIONARIA NA INDEPENDENCIA DOS EEUU.

Na independencia das trece colonias británicas de América do Norte (1776), triunfaron por primeira na práctica vez as ideas da ilustración (igualdade dos cidadáns ante a lei, a separación de poderes, e o respecto aos dereitos do home).

As causas da Independencia

As 13 colonias antes da revolución

A mediados do século XVIII Gran Bretaña posuía na costa atlántica do Norte de América 13 colonias, as do norte máis ricas e dedicadas ao comercio e industria, e as do sur con grandes plantacións de algodón, tabaco traballadas por escravos.

As causas

- a. **Difusión das ideas da Ilustración:** e o malestar das colonias que non participaban no Parlamento británico onde se aprobaban os impostos.
- b. **A política autoritaria** do rei Xurxo III (1760-1820).
- c. **Presión económica de GB** (metrópole) ás colonias, como subministradoras de materias primas, e suxeitas ao pago de impostos.

O anterior, materializouse nas seguintes revoltas:

- Contra a *Stamp Act* o "[Lei do timbre](#)" (1765) un selo que gravaba a compra de documentos oficiais e a [prensa](#). O triunfo dos colonos, obrigou a GB a retirarla.
- En Bostón contra as [Townshend Acts](#) (1767) impostos sobre o papel, vidro, chumbo e o té. Ante a presión, a coroa retirou todas as taxas menos a do té.
- [O motín do té de Boston](#) (1773), en protesta contra os impostos que continuaban gravando o té. O goberno enviou tropas e os colonos comezaron a organizar un exército para resistir.


A Guerra de Independencia (1775-1783): aparece un novo Estado.

Unha guerra entre colonos e británicos, e internacional pola participación de Estados absolutistas como Francia, España e Holanda apoiaron aos colonos fronte a GB. O conflito rematou coa Paz de Versalles (1783) na que GB recoñeceu a independencia das súas colonias. Xurdíu un novo Estado.

→ As ideas da ilustración na independencia dos EEUU ([documentos](#))

[Declaración de Independencia](#) (Filadelfia, 4 de xullo de 1776), [Declaración de Dereitos do Estado de Virginia](#) (1776).

a. Toda persoa disfruta ao nacer dunha serie de dereitos naturais, individuais e intransferibles (=irrenunciabiles)



Á vida.

Á liberdade.

Á igualdade.

Á propiedade.

Á soberanía nacional.


Á defensa legal "hábeas corpus".

Á liberdade de expresión, asociación, prensa e

relixión.

Constitución de 1787

- b. Primeira lei/norma fundamental escrita na Historia (aínda vixente) na que se puxeron en práctica os principios ilustrados



Principio de soberanía nacional.
Separación de poderes.
Lexislativo no Congreso (bicameral):
Senado e Cámara de Representantes.
Executivo no Presidente da República.
Xudicial no Tribunal Supremo.
Unha organización política: república.
Un tipo de Estado: federal.

⇒ Consecuencias políticas da independencia dos EEUU

1. Representou a primeira plasmación das ideas máis avanzadas da Ilustración: a soberanía nacional e a división de poderes.
2. Referente fundamental para acontecementos históricos posteriores como a Revolución Francesa de 1789 e a Independencia de Hispanoamérica durante o século XIX.

A REVOLUCIÓN FRANCESA: TRANSFORMACIÓNS REVOLUCIONARIAS E FIN DO ANTIGO RÉXIME.

Comenzamos cunha breve reflexión sobre a importancia da Revolución, seguimos coas causas (dando unha visión xenérica). Aquí o que interesa fundamentalmente e explicar a IMPORTANCIA da RF como feito histórico que supuxo o fin do Antido Réxime (da sociedade estamental, da monarquía absoluta, etc), e o nacemento da sociedade de clases (no que a diferenza está na riqueza).

Explicaremos máis brevemente a evolución da Revolución desde a proclamación da República; respecto a Napoleón, centrarémonos na súa importancia como difusor das ideas revolucionarias.

Importancia da Revolución Francesa

1. Foi a primeira revolución política burguesa do continente europeo.
2. Implicou o fin do absolutismo monárquico, substituído pola soberanía nacional, a separación de poderes e o recoñecemento das liberdades individuais.
3. Constituíu un referente político e ideolóxico modelo das revolucións do século XIX (1829, 1830 e 1848), dos procesos de independencia colonial na América hispana e da sociedade actual.

Causas

Crise social

A sociedade francesa do S. XVIII estaba dividida en estamentos fundamentados no privilexio e a desigualdade o que creaba unha tensión reflectida nos “Cadernos de Queixas”.

- **Privilexiados: nobreza e o clero** ao redor do 10% da poboación. Estes non tiñan unha situación uniforme, pero negábanse a perder calquera tipo de privilexio, caso do pago de impostos.
- **Non privilexiados ou o terceiro estado**, o 90% da poboación, formado por burgueses, artesáns, campesiños e outros colectivos marxinais. Sobre estes recaían os impostos e cargas económicas nos que se sustentaba o Estado.

- a. **Os campesiños**, a maioría da poboación francesa, estaban a unha situación de abuso difícilmente soportable polo señor feudal (nobre ou eclesiástico) que lles esixía todo tipo de impostos e rendas (ademais de exercer a xustiza sobre eles) vivían unha situación difícilmente soportable.
- b. **A burguesía**, que aumentará o seu poder económico, carecía de todo poder político fronte aos privilexiados polo que esixían participar no mesmo e eliminar os privilexios.

Crise económica e financeira⁶

Cunha economía propia do AR na que a agricultura era a base fundamental, Francia sufría constantes “crises de subsistencia” con escasez de alimentos e suba dos prezos.

Un das mostras máis significativas foi a alza do prezo do pan o que xerou numerosas protestas, revoltas e motíns. En 1789, a relación entre a máxima subida do prezo do pan en xullo e o inicio da RF considérase como un dos desencadeantes da mesma. A isto engadir, un comercio interior e artesanía pobres.

Todo empeoraba pola bancarrota do Estado; excesivos gastos (guerras, débeda pública, gastos da Corte) fronte aos escasos ingresos por impostos (desigualmente repartidos). Unha situación pola participación na Guerra da Independencia contra GB. As solucións dos ministros de economía de Luís XVI (Turgot, Necker, Calonne e Brienne), pasaban por:

Que os privilexiados (nobreza e clero) pagasen tamén impostos, pero estes resistíanse a perder este privilexio.

Crise política/Estado

Luís XVI, un monarca absoluto, foi incapaz de dar unha solución á crise económica do Estado, nun déficit crónico que non se podía solucionar coa subida de impostos ante as constantes crises de subsistencia que afectada ao Terceiro Estado (sobre todo aos campesiños).

⁶ Finanza: área da economía que estudia como funciona o mercados do diñeiro e capitais, as institucións relacionadas, as políticas, etc.

Ante a recomendación dos seus ministros de que **obligase aos privilexiados tamén ao pago de impostos para afrontar esta crise**, e ante a negativa de nobreza e clero a facelo, convocáronse os Estados Xerais (que non se reunían desde 1610). É o que se coñece como a “Revolta dos Privilexiados”.

Pero Francia tamén necesitaba renovar a súa administración e xustiza, unha reforma que tampouco querían os privilexiados.

As ideas da ilustración

As teorías de Montesquieu e Rousseau, fundamentadas nos principios de separación de poderes, da soberanía nacional e na igualdade de todos os cidadáns ante a lei.

A independencia dos EEUU, mostra de que estas ideas podían levarse á práctica.

AS TRANSFORMACIÓNS REVOLUCIONARIAS (1789-1792)

A finais do século XVIII debido ás causas anteriormente destacadas, os representantes do Terceiro Estado, **burguesía e campesiñado**, protagonizaron nas rúas (campesiños, xente das cidades), e no Parlamento (burguesía) **as revolucionarias transformacións que remataron co Antigo Réxime**.

A revolución burguesa

Importancia?

1. **Aparición dun novo concepto de representación política:**
 - Paso dos Estados Xerais (estamentos) á Asemblea Nacional (individuos).
 - Participación política do pobo, fin do absolutismo e da representación estamental.
 2. **A concreción do cambio político:** a nova lexislación aprobada pola Asemblea Nacional constituínte:
 - *Decreto de abolición dos privilexios feudais* (4 de agosto de 1789).
 - *Declaración dos dereitos do home e do cidadán* (26 de agosto de 1789).
 - *Primeira constitución francesa de 1791* e a monarquía constitucional.
- O paso de súbditos a cidadáns.

Revolución Popular

1. Nas cidades (París): A toma da Bastilla (14 de xullo de 1789).
2. No rural: queima dos arquivos señoriais (xullo-agosto de 1789).

1. A aparición dun novo concepto de representación política:

- Paso dos Estados Xerais (estamentos) á Asemblea Nacional (individuos).
- Participación política do pobo, fin do absolutismo e da representación estamental.

Os **Estados Xerais**, eran unha **assemblea estamental** convocada, excepcionalmente, polos reis absolutos franceses para tratar asuntos urxentes, fundamentalmente económicos. Cada estamento era un voto, de ahí que sempre saían gañando os privilexiados.

A **convocatoria de Luís XVI dos Estados Xerais o 5 de maio de 1789** (non se reunían desde comezos do XVIII), para resolver a crítica situación da Facenda francesa (e que pagasen tamén impostos os privilexiados), **está na orixe da Revolución Francesa**, ao discutirse como realizar as votacións, se por estamentos (nobreza e clero), ou por individuos (Terceiro Estado); ao negarse os privilexiados, os representantes do Terceiro estado (a maioría da Nación), reuníronse na [Sala do Xogo da Pelota](#), pasan a denominarse **Asemblea Nacional** o 20 de xuño de 1789, e xuran non separarse ata dar a Francia unha constitución.

AQUÍ ESTÁ O PRIMEIRO ACTO REVOLUCIONARIO: un novo concepto de representación (individuo/cidadán), e o paso dunha monarquía absoluta a unha constitucional.

A concreción do cambio político: a nova lexislación aprobada pola Asemblea Nacional constituínte:

A Asemblea Nacional constituínte comezou a promulgar unha nova lexislación de carácter liberal-moderada (Xirondinos). Con ela, Francia deixou de ser unha monarquía absoluta e pasou a ser unha monarquía constitucional

Decreto de abolición dos privilexios feudais (4 de agosto de 1789).

As primeiras medidas responderon ás revoltas campesiñas ‘Gran Medo’ (xullo-agosto).

Declaración dos dereitos do home e do cidadán (26 de agosto de 1789).


Caracterízanse pola súa pretensión de universalidade (todos), pola definición de soberanía nacional, da liberdade individual e igualdade (legal) dos homes, tamén da propiedade. Principios claramente burgueses.

Primeira constitución francesa de 1791 e a monarquía constitucional. O paso de súbditos a cidadáns.

Constitución?

Norma suprema que organiza o Estado, que regula dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns, os poderes (Executivo, Lexislativo e Xudicial), as institucións , a súa organización, etc.

Aprobada por un Parlamento ou Cortes elixidas.



Nesta aparecen recollidos os principios ilustrados da soberanía nacional, división de poderes e recoñecemento de liberdades civís e políticas. O goberno seguía sendo monárquico, pero non absoluto “**monarquía constitucional**” un compromiso entre a asemblea co poder lexislativo, e o rei o executivo controlado pola Asemblea.

Pero non era un réxime democrático, xa que diferenciaba entre cidadáns activos (con dereitos civís e políticos, ao sufraxio), e pasivos (só civís).

O entendemento entre a Asemblea e o rei Luís XVI non foi posible o que daría paso á República posteriormente e á radicalización da Revolución.

Outros aspectos aprobados pola Asemblea Nacional Lexislativa:

- Subordinación do clero ao Estado: o clero pasaban a ser funcionarios e debían xurar a constitución. O clero dividiuse entre (os que a xuraron “*xuramentados*”, e os que non “*refractarios*”).
- Reorganización e racionalización administrativa.
- Creación da Garda Nacional.

A promulgación⁷ da República

A assemblea Nacional debería traballar xunto co rei na elaboración dunha nova lexislación. Pero unha serie de aspectos radicalizaron a Revolución:

Exterior “guerra contra as potencias absolutistas”

O rei tentou fuxir a Austria (2 de xuño de 1791). Descuberto e detido en [Varennes](#) foi obrigado a regresar a París, como consecuencia, cuestionouse a súa lealdade, e tamén as iniciativas dos membros máis moderados da Asemblea Constituínte e á propia Constitución monárquica de 1791.

As potencias absolutistas encabezadas por Austria e Prusia decidiron intervir en axuda do monarca francés. A Asemblea Lexislativa, dominada polos xirondinos (republicanos moderados), declarou a guerra a Austria (1792), pero os xacobinos (republicanos radicais) nos estaban dacordo en principio coa internacionalización da Revolución.

No interior

Os revolucionariso dividíronse. Xurdiron grupos radicais (como os *Sans-Culottes*) que reivindicaban cambios democráticos e sociais avanzados.

Constituíuse unha nova Asemblea, a Comuna revolucionaria (1793-1795) que destituíu e arrestou ao rei procedendo á sistemática persecución dos seus seguidores. Poñíase **fin á monarquía constituínte recollida na Constitución de 1791**.

A República

A nova Asemblea, a **Convención Nacional**, condenou a morte a Luís XVI, implantou unha **República** e elaborou unha nova Constitución (1793) máis radical.

Nesta etapa consolidáronse e radicalizáranse, as conquistas revolucionarias segundo a orientación políticas:

- **Xirondinos (1792-1793):** representantes da alta burguesía, e máis moderados.
- **Xacobinos (1793-1794, Robespierre, Saint-Just):** burguesía media apoiada polas clases populares “*sans-culottes*”. Evolucionaron cara posturas máis radicais.
- **Cordeliers:** os máis exaltados, con figuras como Danton e Marat.

⁷ Promulgar: Publicar oficialmente [unha lei ou outra disposición da autoridade] para que empece a aplicarse.

Convención

Convención Xirondina (setembro de 1792-xuño de 1793). Declarouse a guerra aos países que apoiaban a Luís XVI ante o perigo da expansión dos principios revolucionarios por Europa. A presión dos xacobinos (máis radicais) levou á **execución de Luís XVI** (xaneiro de 1793).

Convención Xacobina (xuño 1793-xullo 1794): cos máis exaltados (Montañeses) no poder, con figuras como Robespierre e o *Comité de Salúde Pública* convertíuse verdadeiro órgano de goberno de la Convención.

Implantouse o “*Réximen de Terror*” no que o *Tribunal Revolucionario* mandou á guillotina a líderes como Danton.

Convención Termidoriana (xullo 1794-1799): un golpe de estado dos máis moderados depuxo e ordenou a execución de Robespierre. A República francesa entrou nunha etapa moderada.

Francia, un modelo revolucionario

Os cambios revolucionarios (fin do Antigo Réxime) xa estaban realizados e a súa expansión por Europa causaron un gran impacto e representaban un perigo para moitos países, caso de España.

O Directorio (1795-1799)

Unha etapa moderada, chamada así porque o poder executivo (gobierno), estaba formado por 5 membros (directores) e un lexislativo bicameral que aprobou unha nova constitución (1795). Napoleón un militar de prestixio, convertíuse no árbitro da política, ata que en novembro de 1799 (brumario) da un golpe de estado e remata co Directorio.

Consulado (1799-1804)

Unha nova constitución establecía o poder de tres cónsules, cun protagonista claro, Napoleón Bonaparte, que establecerá o Imperio.

Imperio Napoleónico (1805-1815)

Nivel interno

Este período supuxo a consolidación definitiva da Revolución, pero desde os seus aspectos máis moderados.

A nivel xurídico: **código civil** (1804) no que garantizaba a liberdade individual, a igualdade ante a lei, a propiedade privada e a liberdade económica.

Pero Napoleón estivo entre o mantemento de moitos principios revolucionarios como o control dos mesmos, caso do sufraxio, a liberdade de prensa, as relacións co clero, etc.

Externo

Coa formación do seu Imperio, Napoleón, expandiu as ideas da RF que implicaron a liquidación do AR. Un Imperio baixo o seu liderato e gobernado por membros da súa familia e contando coa colaboración dos ilustrados dos países conquistados “Afrancesados” (España).

Co seu Imperio transformou o mapa europeo, desde Cádiz a Moscova. Pero a súa derrota en Waterloo (1815), implicou a Restauración absolutista, pero os principios revolucionarios non se esqueceran.

Entre o legado de Napoleón

- A extensión das ideas revolucionarias e fin do AR.
- O ensino laico.
- O fomento dos nacionalismo.